

Visto o expediente número 545/2011 de contratación polo procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, e tramitación ordinaria, do suministro denominado: “suministro dunha fotocopiadora multifunción a color e dúas máquinas de impresión para o Concello de Cabana de Bergantiños mediante renting” e no que constan: 1.-Providencia do inidio de expediente 2.-Pregos de cláusulas administrativas particulares 3.-Pregos de prescripcóns técnicas 4.-Certificado emitido polos servizos de Intervención do Concello acreditando a existencia de crédito suficiente e axeitado para poder levar a cabo a contratación 5.-Informe de Secretaría 6.-Informe de fiscalización de Intervención.

Considerando que de conformidade co previsto na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, a competencia para a realización da citada contratación lle corresponde a esta Alcaldía.

Na súa virtude, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.-Aproba-lo expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, para a adxudicación do suministro denominado “suministro dunha fotocopiadora multifunción a color e dúas máquinas de impresión para o Concello de Cabana de Bergantiños mediante renting” procedemento utilizado que se xustifica pola concreción do seu obxecto e por razón da súa contía, que será de 23.820,00 euros e 4.284,60 euros (28.107,60 euros), que se distribuirán nun prazo de execución previsto de 48 meses, sen incluír opción de compra do material.

SEGUNDO.-Aprobar o prego de cláusulas administrativas e de prescripcóns técnicas que se xuntan e que rexerán a presente contratación.

TERCEIRO.-Ó abeiro do disposto no artigo 295.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, non constituí-la Mesa de Contratación para a adxudicación da obra de que se trata.

CUARTO.-Dispoñe-la apertura do procedemento negociado de adxudicación solicitando ofertas ás empresas que logo se dirán, capacitadas para a execución do obxecto do contrato:

-CENINTESER S.L con enderezo na rúa república checa nº 52, parque empresarial Costa Vella, 15707 de Santiago de Compostela.

-SISTEMAS MACROCOPIAS S.L: con enderezo na avenida da Coruña nº 424 (rotonda Garabolos) 27003 Lugo.

-Ricoh España S.L.U con enderezo na rúa Calvo Sotelo 21 Baixo, 15004 de A Coruña.

QUINTO.-Autoriza-lo gasto con cargo á partida 922/20300 do vixente Orzamento Municipal de 2.011 por importe total de 585,57 euros correspondente á mensuralidade de decembro, e así mesmo comprometer a inclusión nos seguintes orzamentos municipais para os exercicios 2.012 e

seguintes o importe correspondente que resulte necesario para o financiamento do presente contrato de carácter plurianual.